

POESÍA GALEGA EN PRESENTE (En torno a Miro Villar)¹

JUAN JOSÉ CARRACEDO DOVAL

«A poesía está nas mans e nos corazóns das xentes (o que explica que aínda estea viva), e só por causa do malfado abeira hoxe unicamente nos poetas, igualmente nas súas mans e nos seus corazóns.» Son palabras de Rafa Villar², irmán de Miro no sangue e na poesía. Desde Madrid oímos, e queremos espallala con este artigo, a voz duns poetas que se senten xentes ou dunhas xentes que se senten poetas, nun extremo de Galicia, alí onde quizais a historia nunca permitiu de todo que as xentes non fosen máis que público.

De todas estas voces quixen alza-la de Miro Villar. Non porque sexa unha voz aillada que demande rescate, senón porque é unha valiosa mostra de claridade de ideas para a poesía e dunha poesía que segue viva (quizais máis viva que nunca) en Galicia. Finalista do Premio Esquío de Poesía no ano 1990, Miro Villar é o actual presidente en funcións do *Batallón literario da Costa da Morte*. Por iso crin que, traendo a estas páxinas a voz do libro co que chegou ó Premio Esquío e a experiencia do Batallón, dous momentos sen dúbida importantes da vida de Miro, traio dalgunha maneira unha boa nova do presente poético de Galicia.

A obra á que me referín preséntase co nome de *Ausencias pretéritas*³. Coñecida a raíz do Premio Esquío de 1990, é o primeiro libro de poemas de Miro Villar. Unha vez máis un premio serviu para dar a coñecer unha obra que doutra maneira tería visto a luz, pero non tanta luz. O Esquío, outorgado en exclusiva a obras poéticas pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, é un dos numerosos premios que, entre os anos oitenta e os noventa, contribuíu a impulsa-la creación literaria dos novos autores galegos. O feito de que

esta obra de Miro Villar recibise un premio co mesmo nome do trobador coruñés Fernand' Esquío (séculos XIII-XIV) non deixa de ser unha coincidencia, que só descubrirá o lector da obra e que nos fala das voltas que dá a espiral da tradición, mentres, dalgunha maneira, nos envolve a todos.

É certo que non debe ningunha opinión substituír nunca a lectura persoal dun poemario. Ese é alomenos o meu consello neste caso. Pero non é menos certo que a comunicación poética non termina nas mans do autor, como non termina ningunha palabra nos beizos de quen a pronuncia. Cada lector, di Rafa Villar, «descobre que tamén é dono da experiencia da poesía» e deste xeito colabora no labor creador dese fío comunicativo que vai de ser humano a ser humano. Por iso me sinto responsable, como lector, dunha creación que mana da vida de Miro Villar, e nese sentido atrevome a compartir desde estas liñas a miña lectura da súa obra.

Ausencias pretéritas «é coma quen di unha novela contada doutra maneira. Unha novela de amor», di dela Darío Xohán Cabana no prólogo. Sen embargo a voz namorada de Miro Villar está lonxe de se-la dun romántico apaixonado, tantas veces escoitada nos últimos dous séculos. A súa voz é a dun «filólogo» no senso máis literal da súa etimoloxía. A paixón de Miro pálpase en cada unha das súas palabras, nesa lingua súa e nosa que renova e recrea en cada verso, e na literatura galega, portadora desde a súa lírica medieval dese pretérito de ausencias que renace no poeta de 1990. Rafa Villar de novo nolo explica deste xeito: «Entre o poeta e o seu público [...] xérase un vínculo íntimo, unha solidariedade emocional e intelectual, que trascende a personalidade dun e doutro, e o que é máis importante, trascende límites temporais: un lector é quen de establecer hoxe esta relación solidaria cunha cantiga da nosa tradición medieval». Miro Villar é un deses lectores que, desde a súa formación universitaria, adopta na súa voz os versos do trobador galego-portugués. O libro componse de

¹ Agradezo a axuda de Ana Acuña e a colaboración persoal de Miro Villar, que me achegaron á Costa da Morte e ás súas xentes.

² *A nosa terra*, n.º 800, 16 de outubro de 1997, p. 27.

³ VILLAR, M., *Ausencias pretéritas*, Espiral Maior (Poesía), A Coruña, 1992.

seis cadernos de dez sonetos cada un, e tódolos poemas do caderno terceiro comenzan cun verso alleo:

*A dona que eu am'e tenho por señor
ten unha palidez de intensidade
límite no solsticio da cidade
das augustas murallas derredor. (3, 1)*

Non menos filolóxicas son as imaxes «gramaticais» que aparecen na obra («facer literatura dun fonema», «Pero os meus adxectivos e obxectivos/son aves migratorias», 2,3), ou os xogos de termos lingüísticos que manexa o poeta:

Festexemos con gozo desmedido
o reencontro oportuno e saboroso
soterrando o pretérito imperfecto

e o outonizo tempo indefinido
para crer nun futuro cauteloso
como dous estratexos do intelecto. (2,7)

Miro Villar segue viaxando e chega á tradición cultural onde Galicia se une a Europa, onde todos nos entendemos, onde non nos estraña atopar que Hipólito e a súa madrastra cambiasen Trecén polas rúas de Pontevedra:

Os zapatos cruzaron a ponte en Pontevedra,
que mestura a cidade nun bico repentino,
crendo ter do meu lado toda a forza do sino
rastrexí minucioso calquera oco da pedra,

pero as apalpadelas na intimidade da hedra
namais que produciron pena do desatino
con tanta dor que case xa morro de contino
como Hipólito inerte fixo suicida a Fedra. (6,6)

Toda esta especie de «neotradicionalismo» literario da obra maniféstase tamén no escrupuloso formalismo métrico. Miro Villar acepta o reto que, a estas alturas da tradición literaria europea, supón seguir compoñendo sonetos. Non podemos afirmar que os sonetos de Miro aporten a dita tradición ningún descubrimento formal. Sen embargo, advírtese con facilidade o dominio técnico dun poeta disposto a integra-la súa voz nesa cadea de voces que chega desde o medievo ata o noso século («Souben no *Moby Dick* do meu fracaso», 1,7; «O cinema con guión de intriga escu-

ra/co poeta *Jean Cocteau* de entre os mellores», 1,8; «Xa *Bette Davis* daba as labazadas», 1,9). Unha obra destas características préstase de forma especial a unha análise intertextual, que non podemos realizar no marco deste artigo. Véxase como mostra as alusións a García Márquez («O coronel non ten quen lle escriba cme», 1,10) ou a Cunqueiro («di Cunqueiro/e aos libros de don Alvaro remito», 3,1). Observamos así como se fai dono do tempo Miro Villar coas súas palabras. Pero temos que sinalar que esta tensión entre tradición e modernidade, entre pasado e presente, non é máis que unha das realizacións poéticas da antítese que domina todo o libro e que o mesmo autor nos confesa na derradeira estrofa da obra:

Non quixen por máis tempo soñar no teu retorno
nin teño outro argumento que estenda máis a trama
dun libro de sonetos *alegres e doridos*. (6,10)

Nese momento o autor pecha de forma maxistral o anel de «sono e de soño», que abrira no primeiro verso da obra («Entra na eternidade do meu sono», 1,1). E neste remate déixanos, a modo de conclusión, os dous trazos intencionados máis relevantes do poemario: o seu ton de «discurso prosaico narrativo», de «poema épico» (xa anunciado por D. Xohán Cabana no prólogo) e o seu carácter antitético. Trátase da eterna contradición do amor elevada por medio da poesía a tódolos aspectos da vida («Es doce como o soño degollado/doce folla de aceiro dun coitelo», 3,10); trátase do *odi et amo* catuliano que impregna a literatura amorosa de tódolos tempos. O final da obra quédanos un recendo a outono, a sono, a ausencia sen retorno. Quizais «a tristura, a coita e o desconsolo» dos poetas galegos, que substitúe «ó gozo de amar dos trovadores provenzais» nas canções de amor medievais⁴, sexa aínda realidade no século XX.

Pero o poeta quixo encarnar tódalas ideas da obra na paisaxe, nunha paisaxe tamén antitética. As cidades que o poeta visitou (ás que dedica cada un dos sonetos do caderno sexto) e o entorno rural no que naceu (percorrido punto a punto nos sonetos do caderno quinto) representan en *Ausencias pretéritas* a tensión campo-cidade de toda a

⁴ TARRIO VARELA, A., *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Xerais, Vigo, 1994, p. 31.

nosa tradición literaria occidental. A cidade é entorno do cansazo («Nos zapatos deitaba suor cando mirei Porto/do sobexo cansazo que fora acumulando/e os meus poros botaban un recendo nefando/produciendo máis noxo que embalsamar un morto.» 6,9) por oposición á *súa* terra coñecida («Que lonxe fica o mundo desde o faro Fisterra/para nós que aprendemos de terras coñecidas», 5,7), terra que garda os recordos máis gratos do seu amor («herbal de sabas verdes onde amamos antano,/ esfera luminosa que nos teus soños manda,/Santa Uxía do Xallas, reloxo que non anda.» 5,4). E no medio da paisaxe, no centro da tradición que aínda vive nas súas pedras: Compostela. Santiago unha vez máis volve a ser símbolo, a ser, neste caso, o punto no que a antítese se neutraliza:

A soidade do outono en Compostela
é como a catedral, un monumento,
pero podo dicir que o seu cimento,
sen antítese, queima e tamén xela.

A soidade do outono en Compostela
é como o río Sar, un movemento,
pero podo dicir que o seu lamento,
sen antítese, calma e logo arrela.

A soidade do outono na cidade
é como a carballeira sen paxaros
ou gaita sen roncón, fol e punteiro.

A soidade do outono na cidade
é como o castiñeiro sen degarros
ou bulbo sen bechoco ceboleiro. (2,1)

Detidos en Compostela, imos mirar ó noroeste, para ir desde as *Ausencias pretéritas* de Miro Villar ó *Batallón literario da Costa da Morte*. Santiago é o vértice dun triángulo pechado por Malpica de Bergantiños e Fisterra. Como dicía ó comenzo do artigo, ata Madrid chegounos a voz dunha poesía que vai e vén entre a capital e a costa en forma de abano, saltando o río Xallas e xogando co mar, que tantos versos deixou en terra ó longo dos séculos.

En xuño de 1996, un heteroxéneo grupo de poetas celebrou o primeiro «Encontro de escritoras/es da Costa da Morte» en Cee. Aquel foi o bautizo público desta «asociación» de poetas que recolle no seu nome toda a súa razón de ser. É un

batallón porque formulan a súa acción como unha loita («Continúa a acción directa» é o seu lema); é *literario* porque só empregan a arma da poesía, concebida como a suma de dous elementos: o coñecemento e a comunicación⁵; e é *da Costa da Morte* porque nesa rexión se uniron e porque desa paisaxe xorden as súas voces.

Resulta estraño nestes momentos do século XX escoitar unha exposición combativa unida á poesía. A poesía social da crise e da posguerra parece non ter sentido en ningún recuncho do noso entorno. Por iso sorprende o nome deste grupo a finais dos noventa. Sen embargo, a súa voz sáenos ó encontro defendendo outro tipo de loita. Eles descubriron que a poesía, aunque é vital para o ser humano, nestes momentos está lonxe de pertencerlle. «O malfado», di Rafa Villar, relegou a poesía a mans dos poetas e apartouna das xentes. Contra ese «malfado» formula a súa loita este *Batallón*. Aínda que sexa un paradoxo, as palabras dun político sensible ó poder transformador da palabra poética sérvennos para describi-lo sentido deste combate: «Heroicamente xorde desa natureza unha nova forza que sen armas nin violencia intenta cambiar a nova orde, usando a forza espiritual da verba escrita, ás veces cal perfume do fiúncho que excita a nosa mente, esperta o noso corazón e fainos colocar no lugar adecuado que nos corresponde. Esa forza é o BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE, a quen debemos escoitar, compartir e participar para, con máis forza, poder combater ese demoníaco dominio contranatural que nos está levando a unha loucura colectiva»⁶. Pero esta loita, insisto, e iso si é propio destes momentos de século (e debería selo máis), é unha loita sen violencia. A súa clave é a acción. Volvamos a Rafa Villar: «O Batallón Literario da Costa da Morte é un batallón para a paz e non para a guerra, pero a nosa paz non é deste mundo [...]. A nosa paz é ese lema con que nos ollamos os uns aos outros e nos convencemos de ir máis alá, porque continúa a acción directa». Esa acción levounos a publicar, por exemplo, *As armas da solidariedade*, un caderno poético con vintedúas composicións de once autores do Batallón, un

⁵ Descrición de Rafa Villar no seu artigo citado.

⁶ Fragmento das *Verbas limiares* coas que o alcalde de Corcubión, Rafael X. Mouzo Lago, abre o libro *Nós*, publicado polo Concello de Corcubión en xuño de 1997 coincidindo co II Encontro de Escritoras/es da Costa da Morte.

conxunto de palabras poéticas en contra do exército e a favor da solidariedade⁷.

Aínda hai outro trazo relevante nesta loita. Nela coinciden a arma e o obxectivo. A literatura convértese na expresión da ética na que coinciden os membros do grupo: «a de traballar por descubrirnos nas xentes -e se for preciso por descubrírmolles- que nas súas máns e nos seus corazóns está a poesía»⁸. A poesía faise arma en favor da poesía. Con este obxectivo o Batallón saca a poesía á rúa, ó encontro do público. A súa folla poética *Feros Corvos* distribúese en bares e establecementos da comarca. «Nós buscamos os camiños penedíos da fronteira, aí onde o escritor comeza a sentirse máis público ou lector e este máis escritor», é a interpretación que Rafa Villar nos ofrece deste labor. E se cremos que os medios de comunicación son o reflexo da importancia que a sociedade dá ós feitos que suceden no seu entorno, debemos afirmar que o Batallón está conseguindo o seu obxectivo. Alomenos esa é a impresión que nos dá ó encontrar continuas referencias ó seu labor nos medios⁹.

O mesmo Miro Villar nos contaba para este artigo que «o Batallón ten a *virtude* de xuntar xente con obra publicada, con xente totalmente inédita, compartindo espacio editorial e ducias de recitais *sen xerarquías*, porque pretendemos *democratizar* o feito poético». Non obstante, non todo é idealismo no grupo. Saben moi ben que a súa loita, para ser efectiva, debe ser práctica. Ese é o motivo da existencia dun presidente (por agora Miro Villar) ou dun secretario. Miro Villar explícanos que «estes *cargos* veñen impostos pola necesidade de legalizarmos o Batallón como entidade cultural para poder solicitar subvencións aos concellos, etc.. De non ser por esa *necesidade legal* de nomear unha directiva, esta non existiría xa que

⁷ BOUZAS, M., CARRACEDO, C., CREUS, D., CREUS, E., FRAGA, M., SANTALLA, FL., RODRIGUES FIDALGO, X., TEDIN, X., TRABA VELAY, R., VILLAR, M. e VILLAR, R., *As armas da solidariedade*, Colectivo antimilitarista Costa da Morte, Cee, abril 1996, 25 pp.

⁸ De novo no artigo de Rafa Villar.

⁹ Véxanse como exemplos, ademais do citado artigo de Rafa Villar:

P. C., «Nace o *Batallón Literario Costa da Morte* na defensa de escritores e poetas», en *A Nosa Terra*, n.º 732, 27 xuño 1996, p. 26.

E a mención do grupo poético como fenómeno cultural relevante da rexión en SOUTO, X., «Costa de Morte. A Barca todo o abarca» en *Bravú*, Xerais, Vigo, n.º 2, pp. 88-91.

funcionamos de maneira *asamblearia*». Confiemos en que esta loita sexa á vez pola calidade artística e non esqueza que, se vai loitar coa poesía, debe facelo coa mellor.

O Batallón ubícase a si mesmo na Costa da Morte. Xa vímo-la importancia que tomaba a paisaxe na obra de Miro Villar. El explícanos que darlle este nome ó Batallón «ten que ver co marco xeográfico no que vivimos. É o que nos une, unha comarca natural (afastada das cidades grandes, subdesenvolvida,...)», aínda que hai que sinalar que algúns dos socios quedarían fóra dese marco xeográfico estricto. Pero nos seus versos díxonos moito máis. A herba e o mar, os montes e as vilas da comarca forman o marco da súa experiencia existencial, do seu horizonte sempre enfrontado ó Océano Atlántico, coa reflexión sobre o papel do home no mundo que tal inmensidade provoca. Non é pouco pois o que os une.

Ó mesmo tempo é moito o que os separa. Xa aludín á antoloxía poética publicada en Corcubión en xuño do 1997. Ó le-lo seu título non podemos evitar asocialo co do inesquecible álbum gráfico de Castelao ou co daquela revista que deu nome a toda unha época de gran importancia na literatura galega deste século: a revista *Nós*, fundada en Ourense no ano 1920. Neste novo *Nós*, trinta e catro poemas reúnen as voces dispares doutros tantos poetas, voces de mestres e estudantes, de licenciados, mariñeiros e pastores, voces, polo tanto, máis que nunca, dun pobo enlazado na poesía. Miro Villar resúmeo en poucas palabras: «o único principio estético que compartimos é o da *pluralidade*». Do mesmo xeito que percorremos antes a obra de Miro Villar, creo que o mellor será asomarnos agora a algúns dos versos da antoloxía *Nós*.

Nela hai poemas que, como xa mencionamos, responden á realidade social da comarca que dá nome ó grupo. O mundo e o código do emisor son a clave de poemas como o do mariñeiro Alexandre Nerium:

Promontorio da costa, no mar máis tenebroso,
refuxio de luceiros de mans entumecidas,
sereas de pupilas, escuras, acendidas,
na espuma branquecina, no vento agarimoso.

Peirao de alba incerteza, tempo tempestuoso,
galera de occidente de velas estendidas,
estrelas espalladas, brisas espaxadas,
vagas de sotavento, lamento sixiloso.

Vagalume da noite, proa desafiante,
obelisco herculino, fogueira incandescente,
baía ensimesmada, solpor do navegante,

diamantes incrustados na espada combatente,
espida, taciturna, na area penetrante,
esporón que amedrentas o norte descendente.

ALEXANDRE NERIUM

Inmersos nesa mesma realidade social, atopamos poemas que poderíamos cualificar como lírica popular contemporánea pola súa sinxeleza e a súa fondura:

Ven
e cos teus beixos
colma-me de azul

E en calquer areial
deixemos
a roupa
e construamos
unha casa
entre os brazos
onde poder celebrar
outra vitoria da vida

Onde a vida
demore
a sua tenrura

XAIME TRILLO

A voz do mar e a da tradición (véxase no verso 4 a alusión á canción popular «A rianxeira») mézuranse no seguinte poema cun expresionismo de imaxes frías e un ritmo impresionista:

Furtivos
para Mesura

A percebeira é unha illa
A illa ten nome de peixe esquivo
E os homes van

A lanchiña que os leva é de pau de laranxo
a lua é unha laranxa apodrecida
a lua debuxa cadaleitos nas furnas
de entre os mortos nascen percebebs

Os ollos vagos non ven
son as mans acoiteladas as que cachean os tetos
a rapa áxil

E logo a lonxa
E a viaxe á Coruña ou Madrid
E o prato na mesa
E o sal na boca

Ese sabor a sal na boca
Como se a morte viñese cada nove ondas

FRANCISCO SOUTO

Reproduzo a continuación dous fragmentos de senllos poemas recollidos na antoloxía, por se alguén aínda non percibiu as diferencias no ton dos poetas deste grupo. A primeira mostra corresponde ó poema *E-lo-primeiro* de FERNANDO CABEZA QUILES:

Gracias, salgueiriño, salgueiro
árbore amiga, compañeiro
curmán acuático do ameneiro
eu reparei en ti
este xaneiro
e ben vin
que en bota-las flores
e-lo primeiro.

A segunda mostra é obra de RAFA GARCIA e é tamén un fragmento. O poema titúlase *Síntome morrer*:

A quen me separe un intre de ti,
esmagareille os collóns
ata que lle estoupen entre os meus dedos.

A quen invada o noso mundo,
trabareille na súa barriga,
e con gula
comerei os seus intestinos.

Esta variedade da que vimos falando afecta tamén ó código. Non só recollen algúns destes poemas vulgarismos estendidos na fala coloquial de certas rexións de Galicia («A miña *ialma* dorida», Helena Pérez García), senón tamén lusismos característicos dunha tendencia ben definida no actual panorama lingüístico galego:

Bailavas até molhar o algodón
sob unha multíflua música de plátano,
berrando que te abrissem em quente
e que me enterrassem em ti com todos os dedos
e algun traste de pirógrafo.
Após, caíndo orgasmos,
pedías que te cosessem,
com fio do mesmo barro
(para nom deixar marcas),
ou que te soldassem co unto,
as veias, a bainha, o cheiro
e o oco legados pola banana.

Mentres, eu aguantava o alento
para nom desinchar.

Ata aquí pode observarse a riqueza de formas e técnicas métricas presentes na antoloxía. Pero a visión do conxunto quedaría incompleta se non mencionasemos as prosas líricas que abren o libro. O seguinte é un fragmento do texto asinado por Suso Baamonde co título *Algúns poetas morren empalmados*:

Compañeiro:

Escriboche estas liñas para dicirche que esta cidade é moi grande, e que as rúas sempre están molladas, que eu son pequeno en comparación cos edificios e méteseme o medo no corpo cada vez que alguén tropeza comigo.

E aínda que neste lugar vive moita xente, eu sempre estou só e dou moitas voltas dun lugar a outro, e pérdome, e teño que mercar mapas para volver á casa.

Por último, creo que debemos escoita-la voz lírica do autor das palabras reflexivas que oímos ó

longo de todo este artigo, a voz de Rafa Villar, poeta que pecha a antoloxía e que vai pecha-lo noso percorrido por ela:

Hai un mar e unha terra dentro do mar que se crava fonda como unha espóra, e un silencio que ás veces é un látego escintilante ao corazón da noite inmensa.

Somos esa vida desangrada tras os vidros manchados de argazo. Os nosos ollos nacen ao inverno e ao espanto como nós á loucura e ao berro. Perdidos faros alumean para sempre a nosa ruta afundida.

Hai un mar de terra empuñada vomitando lume en nós. Unha dor antiga que nos queima. Un horizonte cego. Unha soidade. Somos como a ardora e o naufraxio, e navegamos calquera vento imposible.

Entre a terra e o mar só os nosos corpos ferozmente amarrados.

Tal vez, sobre todo na segunda parte deste artigo, poida da-la sensación de que os textos comentados roubaron todo o espacio ó comentario. Teño que dicir no momento de facer esta consideración final, que esa foi a miña intención. Decía ó principio que ningunha opinión pode substituí-la lectura persoal dunha obra literaria. Con esa idea pretendín traer ata Madrid estas voces galegas desde o máis profundo dos homes e as mulleres que as pronunciaron. Se evitei, na medida do posible, o ton de «crítica literaria», foi para adopta-lo de presentador duns versos que nos permitiron atravesar diacrónica e sincronicamente o galego e a súa literatura, que nos permitiron, en definitiva, achegarnos un pouco máis a Galicia.